



TERRÓN BAÑUELOS, Aida e José A. CASTRILLÓN (coords.). *La educación en Asturias. Estudios históricos*. Oviedo: Real Instituto de Estudios Asturianos, 2019, 397 pp. ISBN: 978-84-949602-5-3.

La educación en Asturias. Estudios históricos ten a súa orixe nas *Jornadas de Historia de la Educación en Asturias*, que tiveron lugar en Oviedo entre o 8 e o 15 de marzo de 2018, coa intención de aproximarse a un estado xeral da historiografía asturiana sobre a materia.

Este repertorio bibliográfico compila un conxunto de doce textos elaborados por investigadores e investigadoras procedentes do campo da historia e da historia da educación, de diferente traxectoria académica, que coinciden en afondar na análise de prácticas educativo-culturais xestadas e desenvolvidas no Principado, nomeadamente relacionadas cos procesos de alfabetización e escolarización,

“examinadas en algunas de sus diversas facetas y manifestaciones a lo largo de un tracto que rebasa el milenio”.

Como refire o texto de presentación das mencionadas xornadas, esa singular e dilatada obra colectiva sobre a educación asturiana foi obxecto de atención por parte dos investigadores e investigadoras xa desde a década dos sesenta, con traballos sobre a extensión universitaria, que se ampliaron posteriormente á análise dos procesos de escolarización e alfabetización na rexión, á localización das forzas impulsoras deses procesos ou á dinámica seguida por experiencias pedagóxicas excepcionais que se deron dentro deles.

Foi, por tanto, coa intención de aproximarse a un xa necesario estado xeral da cuestión que permitira suscitar intereses, suxerir temas e fomentar investigacións, coa que o Real Instituto de Estudios Asturianos, en colaboración co Departamento de Ciencias da Educación da Universidade de Oviedo, considerou oportuno organizar as ditas *Jornadas de Historia de la Educación en Asturias*. Os traballos alí presentados teñen agora este extraordinario resultado en forma de compilación editada, que reúne diferentes textos referidos, na meirande parte, á etapa contemporánea, “mucho más trabajada por los investigadores y estudiosos dada la nitidez de su intenso vínculo con el presente y el mayor caudal y accesibilidad de sus fuentes”. Aínda que tamén están presentes outras investigacións que poñen o seu foco de atención na Asturias antiga e medieval.

La educación en Asturias é, por tanto, o resultado dun interesante labor que nas últimas décadas vén acumulando un conxunto de acreditados e acreditadas in-

vestigadores sobre a historia da educación nesta comunidade autónoma, que se reflicte tanto na produción editorial como no seu desenvolvemento académico, o que permite considerala, como una especialidade contrastada.

Os dous primeiros traballos están dedicados ao Antigo Réxime. A evidencia dunha enorme lagoa historiográfica, atribuíble a dificultades específicas, como o carácter precensural das súas fontes entre outras, requiriu da presenza de especialistas das idades Media e Moderna co fin de trazar en senllos traballos, as grandes liñas do que terían sido as dinámicas lecto-escritoras e escolares asturianas ata a fin desta época. Son os de Miguel Calleja Puerta —“Notas sobre la lectura y la escritura en la Asturias antigua y medieval”— e José Álvarez Castrillón e Ramona Pérez Castro —“La instrucción elemental en la Asturias del Antigo Régimen”...

No primeiro, Miguel Calleja traza unha síntese sobre os procesos de lectura e escritura na Asturias antiga e medieval. Sostén o autor que, pese á escaseza de evidencias concretas sobre mestres, aprendizaxe e institucionalización do ensino en épocas pretéritas, a Antigüidade grecorromana legou unha serie de textos relativamente amplos que permiten comprender as teorías educativas dunhas sociedades clásicas, que adoito serven como referente. E elabora o seu traballo a modo de síntese no que reúne materiais hoxe coñecidos, comparando nas etapas máis antigas cos de espazos xeográficos próximos do noroeste peninsular “intentando inferir noticias adicionales sobre la difusión de la lectura y la escritura, sobre su utilidad y su aprecio social”.

Miguel Calleja establece varias secuencias temporais: desde a época romana e o seu legado altomedieval á plenitude da Idade Media a partir do século XII, que explica por dúas causas: por un lado, a integración da Igrexa astur nunha estrutura máis ampla e xerarquizada onde a comunicación esixía o uso dun sistema gráfico unificado; e, por outro, ao proceso crecente de urbanización, que foi acompañado dunha secularización paralela no mundo da escritura.

No segundo traballo, “La instrucción elemental en la Asturias del Antigo Régimen”, José Antonio Álvarez Castrillón e Ramona Pérez Castro tratan a instrucción elemental desde unha panorámica de conxunto, quedando fóra o que pode considerarse segundo nivel de ensino, pertencente aos estudos de gramática, “obviamente menos generalizado dado su evidente carácter propedéutico y en todo caso consecuente en su existencia con el que nos ocupa”. O texto estrutúrase en varios apartados, nos que os autores abordan a cuestión das fontes dispoñibles para o estudo do período; a mostraxe e os datos recabados; a peculiaridade das fontes protoestadísticas; os condicionantes xeográficos, sociais e económicos para o desenvolvemento da lectura e escritura na sociedade tradicional asturiana; as características do contexto rural e a súa influencia no proceso de alfabetización e no establecemento de escolas, de mestres e de padroados. Péchase o capítulo coa aproximación a un inventario do patrimonio escolar asturiano no Antigo Réxime, que se acompaña doutra documentación despregable, referida aos planos das escolas de Santibáñez de Murias, no concello de Aller (1871).

Outro conxunto de achegas, que forman o grupo máis nutrido, ocúpense de analizar as dinámicas escolarizadoras específicas da Asturias industrial desde os anos oitenta do século XIX, “atravesando el pedagógico período republicano y su liquidación por el golpe militar franquista”. Neste grupo atópanse os traballos de Ángel Mato Díaz —“Alfabetización y escolarización en la Asturias contemporánea”—, Andrés Martínez Cardín —“La red educativa implantada por las congregaciones religiosas femeninas en Asturias durante la Restauración”— e Violeta Álvarez, “El modelo escolar del paternalismo industrial asturiano, 1890-1936”.

O traballo de Ángel Mato estuda os procesos de alfabetización e escolarización en Asturias desde o contexto xeral do desenvolvemento das sociedades modernas e da formación do seu capital humano, marcando as diferenzas e semellanzas deste proceso no Estado español. Faino con profusión de datos estatísticos que recolle en abundantes cadros e táboas, ademais de valiosas fotografías escolares da época. Mato examina, en primeiro lugar, a evolución do analfabetismo no contexto asturiano, precisando variables específicas que no Principado determinan os movementos migratorios, “con repercusiones que afectaron a la red escolar, a las prácticas de la lectoescritura y al cambio de mentalidad”. Analiza, ademais, a evolución cronolóxica do binomio escolarización-crecemento demográfico, recorrendo á taxa de habitantes por escola ao longo do período 1840-1980. De modo complementario, concréntanse as fases na evolución da escolaridade desde as escolas de primeiras letras do século XVIII, con especial atención no período que

vai da Lei Moyano (1857) á Lei xeral de educación (1970) salientando elementos determinantes neste proceso, como foron “la gestación de la doble red escolar (pública y privada), el impulso del regeneracionismo, los progresos de la dictadura de Primo de Rivera, la revolución escolar de la II República, los retrocesos tras la Guerra Civil y la recuperación en el desarrollismo franquista”, e da alfabetización e escolarización femininas, moi desfavorecida en todo o período estudado. Por último, dedica un apartado á influencia alfabetizadora das bibliotecas populares e municipais durante a Restauración (1875-1931) con extensión durante a II República, salientando “su manifestación más llamativa y cuantificable en la lectura, con una dinámica destacada, en relación al resto de España”, que ten continuidade no período franquista por iniciativa da Deputación Provincial de Oviedo.

A continuación, preséntase a investigación de Andrés Martínez Cardín, “La red educativa implantada por las congregaciones religiosas femeninas en Asturias durante la Restauración”. Mantén o autor que a complexidade do continuo debate educativo que se suscita no transcurso do século XIX, influído por aspectos globais cuantitativos, ideolóxicos e pedagóxicos impediron que se prestara a debida atención aos estudos de microhistoria educativa. Un deses estudos, de temática chamativamente descoñecida a xuízo do autor, é o ensino relixioso en Asturias, un tema que Andrés Martínez analiza desde o contexto do Estado español circunscrito á etapa cronolóxica da Restauración, un período que significou a xénese e cristalización de dúas concepcións básicas sobre educación: por unha banda, o defendido pola

política liberal como instrumento idóneo para a necesaria transformación da mentalidade social; pola outra, a resistencia da Igrexa para perder o monopolio e, por tanto, o control da densa rede escolar espallada por toda a rexión. Andrés Martínez contextualiza esta investigación dentro da eclosión industrializadora asturiana de fins do XIX e a súa repercusión no complexo modelo de sociabilidade. Un modelo que ten a partir de aí o seu desenvolvemento con connotacións positivas nos procesos de alfabetización a través da educación e cultura popular ofrecidas por ateneos obreiros, escolas de Artes e Oficios e diversas sociedades populares. Partindo de investigacións anteriores e importantes achegas propias, ofrécenos un censo detallado sobre a actividade educativa das congregacións relixiosas femininas, as súas orixes e procedencia, a súa implantación, distribución xeográfica e distribución de colexios en Asturias.

O seguinte traballo, “El modelo escolar del paternalismo industrial asturiano, 1890-1936”, de Violeta Álvarez, aborda a intervención escolar na rexión da burguesía industrial, engadindo aquí unha revisión actualizada. Neste caso vén completar traballos anteriores centrados noutros patronos da escola primaria, relacionados coa industrialización asturiana, como foron os poderes públicos, a burguesía reformista, os indianos retornados ou as institucións relixiosas. Violeta Álvarez demarca un territorio investigativo de notable interese e achega elementos que definen a estratexia de xestión, de control, de inculcación ideolóxica e de formación da masa traballadora, no marco do proceso de industrialización capitalista. Sinala a autora que a intervención escolar, educa-

tiva e cultural desenvolvida pola burguesía industrial asturiana marcou dunha maneira moi determinante o desenvolvemento laboral, económico, produtivo e ideolóxico de Asturias. Do mesmo xeito, esta investigadora trata de rastrexar as afinidades e diverxencias entre as formulacións de reformismo e catolicismo social e as estratexias patronais. Aquí observa como se concretan e materializan aquelas propostas que pretenden resolver a denominada cuestión social mediante a educación, por considerala un investimento extraordinariamente rendible ao asegurar a disposición dunha segunda xeración de obreiros —os fillos e fillas do seu cadro de persoal— co marchamo da empresa, o “obreiro modelo”, verdadeiramente apto para a industria por ser laborioso, sobrio e piadoso; e contribuír ao mantemento da orde social. Remata este capítulo cun apartado de consideracións historiográficas sobre a temática analizada.

Para a época da República preséntanse varios traballos. En primeiro lugar, o de Leonardo Borque, “Una década singular para el magisterio asturiano (1931-1940). De la ilusión al rigor represivo”, sintetiza datos dun proceso intenso cuxa investigación chega ata o presente. Esta é unha achega organizada en varios apartados que parten dos antecedentes, correspondentes ao primeiro terzo do século XX, onde se dá unha transición na figura do mestre, “que pasa de ser unha ocupación secundaria u ocasional y ejercida por personas con escasa preparación a serlo por otras formadas al efecto, si bien de manera muy deficiente, pues ni siquiera se exigía el bachillerato en su formación”. Deseguido abórdase o primeiro bieno republicano onde se repasa a implantación de toda

unha batería de melloras na condición profesional do maxisterio, desde os salarios, formación, construcións escolares, ampliación de cadros de persoal, reforma da inspección, implantación de centros de colaboración... Un terceiro apartado trata sobre o labor publicista do maxisterio asturiano no tocante á publicación de libros, edición de revistas e boletíns, o asociacionismo pedagóxico... e que malia existir unha significativa actividade durante este período, “el estereotipo que luego se ha acuñado de los ‘maestros republicanos’, entusiastas y comprometidos con las políticas de los gobiernos republicanos de izquierdas responde a una minoría activa y significativa, eso sí, pero minoría al fin”. A continuación, os cambios políticos do segundo bienio, que aborda no apartado “frustrados y reprimidos” vén acompañado da reorganización do maxisterio progresista no *Frente Único* e a defensa dos avances emprendidos na etapa anterior, ante a indiferenza dos gobernos de centro dereita. A seguir veu o golpe de estado e a “represión e o rigor”, que se aborda no seguinte apartado: a sublevación rematou cos proxectos da Fronte Popular respecto da creación de escolas, as melloras do maxisterio e, en xeral, o ensino primario. Por último, dedica un recordo a Pablo Miaja, “figura emblemática del magisterio republicano”, mestre adiantado e de gran sensibilidade social entregado nas súas diferentes dimensións humanas e profesionais ao “cultivo de la virtud”.

“Derrotero pedagógico de Alejandro Casona” é o traballo que desenvolve Carmen Diego, que entronca co anterior de Leonardo Borque no que, ampliando traballos anteriores, esta investigadora renova a mirada sobre este inspector de

ensino que, ademais de dramaturgo e figura esencial no proxecto das Misións Pedagóxicas, tamén cultivou a poesía, o ensaio, elaborou guións para o cinema, adaptacións de clásicos da literatura para a infancia e escribiu algunhas obras infantís, así como traducións, prólogos, charlas radiofónicas, e publicou numerosos artigos na prensa periódica. Ao longo de varios apartados, Carmen Diego aborda a traxectoria “trashumante” e poliédrica de Casona, “tanto para buscar su propia formación como para acercar la cultura a los más desfavorecidos o llevar su singular magisterio al teatro, a la prensa, al cine o a la radio lo que facilitó la difusión de su planteamiento pedagógico que llegó por esas vías a audiencias insospechadas”.

Carmen Diego refire as súas actividades profesionais antes da guerra civil, ben como inspector de ensino primario en Lleida, Asturias e Madrid; ou como responsable en varias das misións pedagóxicas, “un capítulo ejemplar de la educación popular en España” actuando na dirección teatral e na coordinación de actividades de formación para mestres e mestras. Nas Misións, “su participación, compromiso y dedicación fue variada e intensa en varios frentes, gracias a sus conocimientos pedagógicos y experiencia profesional, a su conocimiento de la idiosincrasia de la población rural, a su capacidad organizativa y a su fama como dramaturgo”. Outra das súas facetas ten que ver coa de enviado da República en misión cultural por América Latina, actividade que realiza a partir da rebelión militar, desempeñando “una intensa actividad socioeducativa” ao carón da República durante os primeiros meses da guerra antes de saír para América, e despois, ao establecerse na Arxentina, en-

tregándose a diversas tarefas culturais e políticas, pois Alejandro Casona estivo exiliado un cuarto de século, con residencia en Bos Aires e durante ese tempo realizou diversas xiras e viaxes por varios países de América Latina. Pero dunha figura tan poliédrica, quizais a menos explorada sexa a súa vertente pedagóxica. Neste sentido, o ideario de Casona conserva, como aspectos inseparables a profesión de inspector de ensino primario e pedagogo e a de dramaturgo e como afirmara M.^a Luz Morales, “es maestro. Y su profesión de educador lo enorgullece tanto, por lo menos, como la de autor de comedias. En algunos instantes funde las dos en un haz fervoroso”. Talvez amosen esta fusión a súa necesidade de revisar a literatura dedicada á infancia, e especialmente renovar a literatura escolar, que el consideraba “anodina e aburrida”, coa súa proxección en *Flor de Leyendas*, “un conjunto de narraciones especialmente escrito para los niños, procurando presentarles las más sugestivas leyendas que se conocían entonces”. Carmen Diego remata afirmando que pese a que, tanto en vida como despois da súa morte os investigadores se ocuparan intensamente da súa produción literaria, deixa na sombra e en segundo plano as súas realizacións no ámbito educativo, que tratan de recollese neste capítulo.

Na liña biográfica do traballo anterior, Montserrat González presenta “El periplo pedagógico de Antonio J. Onieva en Asturias”, unha figura tan polifacética como controvertida dentro do panorama educativo asturiano do século XX. Onieva, “hombre plural”, foi inspector de ensino primario, director de *La Voz de Asturias*, promotor de viaxes de estudo do maxisterio asturiano por Europa, ademais de

avogado, xornalista, crítico de arte, de música, de obras biográficas, literarias e teatrais, tradutor, conferenciante e animador de asociacionismo. Por medio de Ortega instalouse na Residencia de Estudiantes e acaba por ser, tras a guerra e xa fóra de Asturias, un xerarca da pedagogía que orientou “la nueva escuela española” do franquismo.

Nesta achega, que vén completar traballos anteriores, Montserrat González repasa o seu perfil deténdose en varios aspectos. Como xornalista e director de prensa, Onieva fundou a *Revista Escolar de Asturias* (1915), dirixiu *La Voz de Asturias* (1923), onde publicou crónicas de viaxes con mestres, entre outros temas. Como escritor, deixou unha mostra abundante na prensa profesional da época —*El Magisterio Español, la Escuela Moderna, Revista de Pedagogía, Estampa...*— e puido escribir sobre os máis variados temas relacionados co maxisterio; sen esquecer a edición de libros, como *Entre Montañas, La eterna inquietud*, centradas no ambiente rural do maxisterio, no mundo da arte, ou colaboracións noutras publicacións pedagóxicas. Como inspector, o seu periplo desenvólvese a partir de 1927 por diversos puntos do Estado, no que destaca o seu interese por coñecer a realidade escolar asturiana mediante a elaboración de enquisas de aplicación entre o maxisterio, ademais de “múltiples visitas y contacto, pues era habitual encontrarle entre maestros, dando charlas y conferencias, inaugurando escuelas, presidiendo exámenes, etc”. Tamén salienta a súa preocupación pola formación de adultos como conferenciante e a súa intensa participación en ateneos, programas radiofónicos, círculos obreiros e asociacións culturais. Ademais,

foi un entusiasta animador do maxisterio, interesándose polas condicións de vida e a situación profesional nos cursos de perfeccionamento e outras actividades, que se intensificaron coa chegada da República, onde conflúen a Pedagogía e o Dereito, dous campos esenciais na súa formación.

Outro dos aspectos que a autora perfila no plano político, é a súa controvertida traxectoria, “condescendiente con el poder de turno, para, al parecer, conseguir mejoras para la enseñanza” sendo por isto “aplaudido y denostado por igual”. Aparece vinculado ao réxime de Primo de Rivera, máis adiante facendo campaña polo Partido Radical de Lerroux, concitando “filias y fobias”... e proseguindo desde a rebelión militar de 1936 unha definida traxectoria, instalado xa no réxime franquista. Pero se hai unha faceta que define plenamente a figura deste controvertido inspector é a de “viaxeiro infatigable”, ben de xeito particular, ben como bolseiro a través da Junta de Ampliación de Estudios por diversos países europeos. Neste traballo, e complementando investigacións anteriores, Montserrat González aborda as dificultades que tivo que afrontar Onieva para levar as viaxes a efecto, constituíndo no seu conxunto, “una experiencia realmente singular, sobre todo por la continuidad conseguida” pese a algunhas actuacións persoais no exentas de crítica. Remata a autora afirmando que falta aínda un estudo máis profundo e completo que analice outras facetas da súa vida, ademais das de educador, mestre, pedagogo... como son as bosquexadas neste traballo como xornalista e escritor. Do mesmo xeito, resta un traballo aínda pendente “que describa y analice su trayectoria vital y profesional durante el franquismo”.

Súmanse deseguido dous traballos pertencentes ao ámbito curricular: “Llín-gua ya instrucción na Ilustración Asturiana”, de Marcos Rodríguez Álvarez; e “Asturias en los currículos de enseñanzas medias. De la LOGSE a la LOMCE”, de Manuel G. García Benito. O primeiro elabora unha análise sobre a figura de Jovellanos en relación coas súas complexas e contraditorias posicións acerca da lingua asturiana como obxecto de investigación e normativización, no marco histórico do estado nacional e o seu proceso de homoxeneización lingüística. Este é un proceso de castelanización lingüística que arranca na segunda metade do século XIII como resultado da política emprendida por Alfonso X. Pero o xiro ideolóxico que produce a substitución dos Habsburgo polos Borbóns, influídos polas ideas ilustradas de organización política, administrativa e económica do Estado, dá comezo en España á transición desde as vellas construcións identitarias, sostidas sobre a lealdade ao rei e á verdadeira fe nas fazañas guerreiras, á nova visión nacional, que ten na “colectividade” o suxeito soberano.

E será co arranque da etapa borbónica cando se poida comezar a falar dunha política de unificación social do idioma que perseguirá —máis alá da dotación de unidade lingüística administrativa que viña ocupando os esforzos desenvolvidos ata a data— a consolidación de medidas encamiñadas á asimilación do castelán polo conxunto da poboación. A diferenza de Francia, o Estado español seguiu este proceso de asimilación idiomática, máis que substitución, debido á presión institucional. Pero neste contexto, o caso asturiano presenta singularidades debido ao seu escaso desenvolvemento económico e

industrial, e ao predominio da explotación agropecuaria tradicional. Isto explica a ausencia en Asturias dunha burguesía industrial e financeira e a prolongación do poder local en mans dunha aristocracia terratenente que tratou de manter invariables as condicións propias do Antigo Réxime diante das reformas do poder central. E nesa tarefa de resistencia aristocrática pola defensa dos seus privilexios locais, xogará un importante papel o control lingüístico como instrumento de dominio político e social. Nese panorama, a figura de Jovellanos vai desempeñar un papel destacado como impulsor de diferentes proxectos lingüísticos de identidade asturiana, defendidos xunto ao denominado Círculo de Maliayu: a Academia Asturiana de Buenas Letras, que ten os seus inicios en 1787 e se pon en marcha en 1800, ademais de iniciar a confección dun dicionario e unha gramática da lingua asturiana que nunca chegarán a ver a luz.

Pola súa banda, “Asturias en los currículos de enseñanzas medias. De la LOGSE a la LOMCE” forma parte dunha investigación máis ampla que xa ten sido obxecto de sucesivas publicacións. Neste traballo, Manuel G. García Benito elabora unha análise orientada ao plano lexislativo-normativo sobre a presenza de contidos asturianos nos currículos educativos de Xeografía e Historia, tanto da ESO como do bacharelato, nomeadamente logo do traspaso das competencias en materia educativa que, malia ser aprobado o Estatuto en decembro de 1981, tal traspaso non chegou ata xaneiro de 1999. García Benito elabora este estudo analítico e comparativo tomando como referencia as catro últimas leis educativas —LOXSE, LOCE, LOE e LOMCE—, ademais da correspondente

normativa autonómica que as desenvolve no contexto asturiano, que acompaña cun completo aparato de táboas referidas aos diferentes aspectos abordados segundo as diferentes editoriais. García Benito presenta un traballo extenso, ao tempo que e meticuloso, no que conclúe que a presenza de contidos asturianos foi aumentando progresivamente ao longo dos currículos educativos a través dunha evolución “paulatina pero constante”, malia atopar aspectos chamativos, como é o do currículo da ESO na LOMCE, “donde no hay presencia de contenidos asturianos” e no bacharelato circunscribe practicamente ao segundo curso.

Pecha esta ampla compilación Aida Terrón Bañuelos, “Una ocasión feliz para una reparación honrosa. Rotulando calles, seleccionando memoria”, que recolle a versión escrita do traballo presentado de forma oral, e sintetizado, no *Simposio Internacional sobre la Memoria escolar. Nuevas tendencias en la investigación histórico-educativa: perspectivas heurísticas y metodológicas* (Sevilla, 2015) no que, a partir de supostos tomados da antropoxía cultural, e da memoria escolar como obxecto historiográfico, convida á reflexión sobre o papel e as posibilidades heurísticas da memoria, a individual e a colectiva, como fonte histórico-educativa, así como sobre as políticas e lugares da memoria [escolar]. Un traballo que Aida Terrón sitúa “entre los amplios y relacionados campos de la cultura y conciencia históricas, la memoria individual y colectiva, la consideración del espacio urbano como un macrotexto legible o un palimpsesto de capas textuales superpuestas, el poder conmemorativo, las pugnas implicadas en las políticas de la memoria local y las

identidades urbanas colectivas”, gardando unha relación estreita con dúas accións así mesmo conectadas: rememorar e conmemorar.

Comeza sinalando as diferenzas e matices entre a Historia —un saber con autonomía propia que xa desde o século XIX “reclama su lugar como saber científico, como ciencia y como disciplina académico-escolar” e unha nova profesión, a do historiador—; a memoria, “al servicio de la configuración de identidades de distinto signo o con fines conmemorativos o memorialístico-patrimoniales”, caracterizada por subxectiva, impersoal, circunstancial, variable e fráxil; e as políticas da memoria, que “unen pasado, presente e futuro con un objeto determinado. Crean conciencia de temporalidad, y con ella, cultura y conciencia históricas”, entendendo por conciencia histórica “el conjunto de recursos, discursos y prácticas sociales a través de las cuales los miembros de una comunidad interpretan, transmiten, objetivan y transforman su pasado”.

Aida Terrón traslada estes conceptos ao nomenclátor urbano —“un museo aberto, conmemorativo y (re)construible con el objetivo de rememorar, de tributar homenaje a los en cada momento considerados prohombres o personajes locales, regionales o de la patria, o celebrar unas determinadas efemérides o acontecimientos históricos”—, neste caso vinculado á cidade de Xixón. Deste modo, a autora realiza un percorrido histórico por esta cidade durante os séculos XIX e XX, na conformación do seu nomenclátor, desentrañando as motivacións, prioridades e empeños dos sucesivos gobernos locais, condicionados en ocasións pola influencia ideolóxica do debate político nuns casos,

ou por denominacións toponímicas ideoloxicamente neutras no ámbito da política, a industria, o comercio ou as ciencias, noutros moitos.

Aida Terrón dedica unha parte do seu traballo a explorar a pegada que a cuestión educativa relacionada coas institucións, os persoeiros... deixou no nomenclátor xixonés desde o século XX, constatando unha presenza “irrelevante” e concluíndo, en termos xerais, que “el callejero no sirve como conmemoración del pasado, un pasado muerto, sino que reinterpretado, actualizado, vivificado por sujetos protagonistas, se convierte en instrumento para la afirmación partidista o grupal del presente” e constatando a “subrepresentación” educativa, máis alá do recoñecemento individual, e illado nalgúns casos. O que leva a unha reflexión final: “los años y experiencias compartidas en una escuela unitaria contrastan vivamente con la experiencia despiezada que se vive en lo colegios de nuestro tiempo. Que el claustro sea hoy anónimo e impersonal forma parte de la estructura administrativa de un sistema educativo difícilmente ‘particularizable’, lo cual debe verse también como muestra del camino ganado. Es decir, la garantía de una escolarización universal para toda la población, sin que héroes anónimos lo hagan posible”.

Remata este compendio un completo repertorio bibliográfico sobre a historia da educación en Asturias elaborado por Carmen Diego e Montserrat González, no que as autoras utilizaron como criterio “la inclusión de todo lo relativo a los procesos educativos registrados en Asturias en cualquier período”, tanto relativos ao ensino oficial, público ou privado e os seus profesionais, como tamén outras expe-

riencias educativas caso da educación popular, a de adultos, a profesional, a protección da infancia, as bibliotecas, integrando “numerosos autores que, procedentes de diversos ámbitos del conocimiento, se adentran ocasionalmente en algún tema educativo desde unha perspectiva histórica”.

Como sinalan os coordinadores deste valioso conxunto de traballos, os estudos de ámbito rexional son chamativamente

escasos na historia da educación, pero resultan imprescindibles para a elaboración de conclusións globais que poidan achegar visións completas, obxectivas e de certa fiabilidade na dinámica establecida entre o Estado e as autonomías, cunhas características singulares e diferenciadoras no ámbito educativo.

Xosé M. MALHEIRO
Universidade da Coruña